

Para máis información

www.adterra.es

adterra@adterra.es

tel: 981 554 150



ATLANTIC AREA Transnational Programme
ESPACIO ATLÁNTICO Programa Transnacional
ESPACE ATLANTIQUE Programme Transnational
ESPAÇO ATLÁNTICO Programa Transnacional



URBAN DEVELOPMENT
DESARROLLO URBANO
DÉVELOPPEMENT URBAIN
DESENVOLVIMENTO URBANO



CONCELLO DE SANTIAGO
Concellaría de Promoción
Económica e Emprego



máiscompostela
maíscompostela.org



terras compostela
GDR 24



TURISMO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



aDterra
Asociación para el Desarrollo
de los Territorios por los Actores Locales

Fotografías cedidas por Turismo de Santiago

seteseoitodeseñográfico D.L.: C 1954-2010

atlantic network's abilities for towns to organise local economy

PROXECTO ANATOLE



Unha aposta pola competitividade e calidade dos nosos mercados para o desenvolvemento da economía de proximidade

O Proxecto Anatole (Atlantic Networks to Organise Local Economy) intégrase no programa europeo **INTERREG IV B Espazo Atlántico, inscrito na prioridade 4.1. Posta en común de recursos e competencias en materia de desenvolvemento urbano e rural sustentable**. Financiado a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), destaca por ser unha proposta innovadora que, no marco da nova gobernanza territorial, se apoia nas cidades atlánticas para desenvolver a economía de proximidade.



dimensión transnacional

A dimensión transnacional de Anatole ven dada pola propia natureza do **Programa INTERREG Cooperación Territorial Europea**. No proxecto participan tres modalidades de socios do espazo atlántico europeo: os socios operadores técnicos, as cidades asociadas, e a CAVV (Conférence des Villes de L'Arc Atlantique), que agrupa a diferentes cidades do eixo atlántico.

- **Promotor do proxecto:** AC3A de Francia (Asociación de Cámaras de Agricultura do Arco Atlántico francés)
- **Operadores técnicos:** Deputación de Huelva, IMK (Itsasmendikoi), ADTERRA, IERU, Nantes Metropole, Irish Exporters / Weasthmeath, e Community Development
- **Cidades asociadas:** Huelva, San Sebastián, Santiago de Compostela, Aveiro, Nantes, e Dublín



ANATOLE EN GALICIA

O promotor institucional do proxecto en Galicia é a concellaría de Promoción Económica, e Turismo de Santiago de Compostela e o operador técnico a asociación ADTERRA. O territorio rural de incidencia é o correspondente ao GDR 24 Terras de Compostela do Programa LEADER.

Obxectivos do Proxecto Anatole

- Traballar desde a administración local, neste caso desde a concellaría de Promoción Económica de Santiago de Compostela, para a adopción de políticas e estratexias que favorezan o desenvolvemento da economía de proximidade
- Promocionar a produción local dos territorios rurais periféricos a Santiago, co fin de favorecer a súa comercialización e consumo nos mercados de proximidade.
- Establecer un modelo innovador na organización da economía de proximidade que favoreza un desenvolvemento urbano-rural sustentable, con capacidade de transferencia e aplicación noutros territorios
- Crear unha rede europea de intercambio de experiencias e creación de novos modelos de organización para unha economía de proximidade con dimensión atlántica



PARTICIPANTES

En Galicia, o Proxecto Anatole artículase a través das seguintes entidades participantes:

- _ Promotor institucional. **Concellaría de Promoción Económica e Turismo de Santiago de Compostela**
- _ Representación do territorio rural de actuación. **Asociación Terras de Compostela**
- _ Organismo técnico. **Asociación ADTERRA**

Dentro dos territorios urbano-rurais de incidencia, o Proxecto Anatole está dirixido a:

- profesionais da eno-gastronomía
- produtores (asociacións, agrupacións, empresas...)
- cooperativas e sociedades agrarias
- profesionais e institucións que traballan no eido do desenvolvemento local
- prazas e mercados
- cooperativas e/ou agrupacións de persoas consumidoras
- entidades implicadas en actividades vencelladas coa posta en marcha de mercados de proximidade (comercialización, TIC, calidade, financiación, ...)



Organización

Técnica: ADTERRA

- Animación e coordinación técnica
- Coordinación transnacional

Institucional: Concellaría de Promoción Económica e Turismo de Santiago de Compostela

- Traballar na adopción de políticas e estratexias que favorezan os mercados de proximidade
- Favorecer a promoción da produción local

Estratexia

- Crear escenarios e redes de cooperación urbano-rurais
- Activar a economía local
- Xerar e impulsar modelos de mercados de proximidade

Compromiso actores urbano-rurais

- Apoiar e aplicar a estratexia ANATOLE
- Compartir sinerxias para potenciar o consumo/venda da produción local
- Integrar redes de cooperación
- Xerar iniciativas de colaboración empresarial
- Fomentar a posta en marcha de circuitos cortos

